

O MATRIMONIO DE MARIA BRAUN

1805

Rainer Werner Fassbinder, 1979

ESTREA EN NUMAX: 17.07.2026 | V.O.S.E. | 115 min

Maria e Hermann Braun casan durante un bombardeo, pouco antes de que el sexa enviado á fronte rusa. Ao remate da guerra, Hermann figura nas listaxes de desaparecidos. Na cidade, entre as ruínas, reina o mercado negro e a prostitución. Tamén María, para poder sobrevivir, debe prostituírse. Faise amante de Bill, un soldado norteamericano, do que queda embarazada. Pero o seu marido reaparece...

«Unha das películas máis importantes da Alemaña dos 70 e unha das mellores de Fassbinder»

TV GUIDE



O MATRIMONIO DE MARIA BRAUN

Rainer Werner Fassbinder, 1979

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Un mundo feito para o negocio

Tras rodar o seu episodio para o filme colectivo *Alemaña no outono*, Fassbinder emprendeu nos primeiros meses de 1978 a rodaxe d' *O matrimonio de Maria Braun*, que supuxo o feliz reencontro coa súa musa Hanna Schygulla tras catro anos de distanciamento entre ambos. Por aquela época atopábase inmerso na preparación da serie televisiva *Berlin Alexanderplatz*, un dos seus proxectos mais privados e ambiciosos. Como esta obra de quince horas e media de duración esixía un longo proceso de pre-produción, Fassbinder aburriuse e dixo aos produtores Michael Fengler e Peter Berling que quería realizar entre medias unha película de pouco orzamento. A pesar de as reticencias deles, *Maria Braun* acabou materializándose aínda que os seus custos acabaron duplicándose.

A través desta parábola sobre o Milagre Económico Alemán, Fassbinder trata de demostrar que naquel tempo non había espazo para os sentimentos, que aquela sociedade estaba construída en base ao negocio e a ganancia. Así, a Alemaña de posguerra toma a forma dunha muller libre, intelixente e poderosa que ao final é superada nas súas estratexias porque non foi máis que unha moeda de cambio entre dous homes, unha transacción máis nese mundo feito para o negocio e a especulación e non para o amor. Neste sentido, poucas heroínas hai na historia do cinema tan fascinantes como Maria Braun, unha muller que se constrúe a si mesma, pero que acaba destruíndose vítima das circunstancias. Para Peter Märthesheimer, coguionista da película, "Maria Braun non é seguramente unha figura realista: é unha heroína cinematográfica que personifica os desexos dos espectadores. Pódese dicir que ela é valente e perseverante; é unha persoa que se abandona completamente aos seus sentimentos e que, á vez, está capacitada para actuar na vida porque é astuta, hábil e consciente da realidade". Pola súa banda, Fassbinder declarou que "a película que eu fixen e que parece falar a favor da institución do matrimonio, dá idea en realidade de canto odio, hipocrisía e destrución hai na vida matrimonial. Eu quero que o público rompa cos seus rituais e poña punto e final ao estilo de vida burgués".

O matrimonio de Maria Braun (que xunto con *Lola* e *A ansiedade de Veronika Voss* forman unha triloxía sobre a Alemaña de posguerra) presentouse a concurso no Festival de Berlín de 1979 provocando as suspicacias típicas das estreas *fassbinderiás*, apupos incluídos: aos alemáns non lles gustou nada a forma en que Fassbinder escavou nos anos do Milagre Económico. Liliana Cavani e Julie Christie loitaron para que a película obtivese o Oso de Oro, pero só conseguiron que Hanna gañase o de Prata á Mellor Actriz. Á súa vez, converteuse na película de Fassbinder con maior éxito a nivel internacional (François Truffaut definiuna como "un orixinal, épico e poético traballo de gran calidade"). De forma unánime, considerouse *Maria Braun* como a síntese xenial de todos os logros que caracterizaran as anteriores obras de Rainer Werner Fassbinder: as súas motivacións; as súas tonalidades; o seu escepticismo; os seus coñecementos ao redor da Historia contemporánea; a súa conciencia política e, en definitiva, a súa capacidade única para narrar de forma tan popular como crítica, tan amena como reflexiva, os seus maxistrais relatos en absoluto compracentes.

Publicado en fassbindercineasta.com

NUMAX **10**
numax.org